

JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA CREADOR DO BELÉN DE BEGONTE

► O comezo do Nadal en Galicia márcalo a inauguración do belén electrónico begontino. Este sábado, ás 18.00 horas, a delegada da Xunta Raquel Arias exercerá como pregoeira na velada inaugural, que incluírá misa, música coral e os primeiros pases do nacemento.

«O belén é educativo, ten cousas que os nenos nunca viron»

POR: CRISTINA PÉREZ

BARRO, MADEIRA, lá... calquera material lle serve a José Rodríguez Varela para darlle forma ás figuras que ano tras ano, dende fai 38, animan o belén de Begonte. Máis de 500 metros de cable, un cento de figuras, 50 delas en movemento, 60 bombillas, 80 metros cadrados de superficie... son só algúns dos elementos que fan cadrar os 15 minutos que dura cada pase dun nacemento que superou o fin relixioso para converterse nun referente cultural. Ó redor del foron xurdindo outras iniciativas, coma os certames de arte, xornalismo, debuxo infantil e poesía ou as exposicións.

Como lembra os inicios do belén?

Ó párroco José Domínguez ocréuselle facer un belén e así comezamos, case de broma. No 1972 fixemos o primeiro, de só cinco metros cadrados, e este foi medrando ata os 80 que ten hoxe.

Recibiu visitas ese primeiro ano?

Quedáramos sorprendidos, porque viñeran dez coches e a xente da vila. Deberon pasar por el unhas 300 persoas, as que agora veñen nunha mañá, pero daquela foi todo un éxito.

Xa era animado?

Si, con dúas figuras. Había uns serradores e o efecto do día e da noite. Era todo artesanal, porque naquela época non había os medios que hai hoxe.

E 38 anos despois, incorporaron algúns dos avances tecnolóxicos producidos neste tempo?

Non moitos, porque nos daría moito traballo modernizar a instalación que xa temos feita. Habería que desfacer todo e esto só é un 'hobby'. Hai cousas que fomos descubriendo, coma as lámpadas de luz negra, pero a parte económica da montaxe non permite que nos pasemos da raia. Nós ímonos polo tradicional, para non desfacer a metade do que xa está feito.

Canto custa montar o belén?

É incalculable. Depende do que fagas, pero hoxe todo ten prezos desorbitados. Por exemplo, só o motor dunha figura pode custar 50 euros e iso que nós non temos que pagar a man de obra.

Reciben axudas?

Si, a Deputación de Lugo, Caixa Galicia e Caixa Rural fan achegas e Política Lingüística tamén nos ten axudado. O Concello tamén bota unha man co alumeado ou promovendo algún acto.

Hai un perfil de visitantes?

Non, vén todo tipo de xente, familias, rapaces, persoas que están de paso e grupos organizados, dos colexios, dos que hai moitísimas solicitudes, e doutros colectivos.

Que é o que máis lles gusta?


Os cativos gústalles ver ás ovellas correndo polo monte e cousas así... Ó máis insignificante é ó que lle dan máis importancia. O belén é educativo e ós nenos válles un pouco de escola, porque preguntan o que son moitas cousas que nunca viron, coma a señora fiando ou outros oficios antigos que son descoñecidos para eles.

O deseño do belén mantense ano tras ano ou varía?

Procuramos cambiar o aspecto, o contorno, das casas que temos feitas un ano usamos unhas e outro, outras. Este ano tamén fixemos algunhas novas, de pedra, semellantes ás casas de aquí.

Que novidades hai este ano?

Este ano chove de verdade nunha parte e haberá un lago cun batuxo típico dos nosos ríos. Tamén hai unha señora que está adornando un neno no colo, un señor aloumiñando un can e unha cegoña facendo o niño, porque me dixeran que nunha fixera ningunha. A outras figuras corríxese e



José Rodríguez Varela, ó carón do belén aínda sen rematar.


Novidades

Este ano chove de verdade nunha parte, hai un batuxo no río, unha muller cun neno no colo e unha cegoña a facer o niño»

auméntaselle o movemento para perfeccionalas.

En que se inspira para facelas?

Nos oficios da Terra Chá, profesións que case non existen, como alfareiros, zoqueiros, serradores, ferreiros... Foron desaparendo coa



modernidade, coa chegada das katiuskas ou das motoserras.

Algunha ten un referente real?
Non, aínda que ás veces, de broma, lle digo a algún amigo que o vou poñer no belén, como por exemplo se lle gusta moito pescar,

Inicios

O primeiro belén só tiña cinco metros cadrados e dúas figuras en movemento. Viñeron dez coches e 300 persoas velo»

fago un pescador.

Copia doutros nacementos?
Non, modestia aparte, copiouse deste. Noutras partes van a feiras e eventos relacionados co Nadal, pero nós non temos tempo nin cartos para facelo así que, sexa

De preto

«A algunha figura ténolle posto pelo da miña muller»

Canto tempo lle quita o belén?

Só facer unha figura, se é complicada, pode levar 30 horas, e ás veces fala e títala, porque non che gusta como queda e dá máis traballo reformala que facela de novo. Na montaxe, se xuntamos todo o tempo que pasamos aquí, serían unhas dez xornadas de oito horas, pero a min seríame imposible calcular o tempo que paso facendo figuras.

Que pensa a súa familia desta afección?

A muller ten bastante paciencia

e son moitos anos, xa vai acostumada. Traballo na casa e sempre pasa algo, así que de vez en cando cae algunha bronquiña... O belén ocupa un tempo que lle restas a outras cousas, aínda que eu penso que non vai mal empregado.

Como contribúe a súa muller?

Ela é a parte crítica, porque sempre evalúa as figuras, por exemplo dime, ó facerlles a roupa, se as cores combinan. Ademais, a algunha figura ténolle posto pelo de verdade da miña muller. Eu doulle o mérito de aguantarme, porque ten moita paciencia.

A que dedica o tempo que non está no belén?

Acabo de xubilarme, pero ata o de agora impartín clases en formación profesional, os últimos anos no Politécnico de Lugo.

bonito ou feo, grande ou pequeno, todo o que ten é traballo noso.

Hai algunha peza que lle gustaría ter feito e aínda non puido?

Aínda non conseguín unha figura que mova as pernas para andar. É complicado, porque se lle vén os defectos.

De cal está máis orgulloso?

Os ferreiros gústanme moito, porque é das máis antigas, son os que teñen máis veteranía.

Queda algunha das primeiras?

Das primeiras non, pero polos ferreiros ou o carpinteiro xa pasaron moitos nadaís.

Fracasou algunha figura?

Si. Sempre hai que contar os éxitos e os fracasos. Fixemos oito ou dez figuras para que se vise como era o proceso do liño e non tiveron moi boa acollida. Hai figuras que agora están gardadas. Temos un pequeno museo, que abrimos canda o belén e onde se expoñen algunhas das pezas retiradas.

Ve o belén como un referente?

Si, porque aínda que nacín aquí, vivo en Lugo e moitas veces teño oído indetificar Begonte co belén. Leva moito tempo e fíxose coñecido e iso para min é o que ten máis mérito, que despois de 38

anos non decaera e siga en plenitude de visitas. Tamén coído que a súa posta en marcha espertou o interese por montar nacementos en tendas, colexios... un costume que non había.

Cre que sobrepasou o carácter estrictamente relixioso?

Para min ten un dobre sentido, cultural e relixioso. Segue a ser unha celebración do nacemento pero tamén ten un aspecto cultural e educativo, porque os nenos aprenden que antes se tendía a roupa fóra ou se lavaba no río, como traballaban os ferreiros... Se non o visen aquí a moitos pasaría desapercibido.

Cando se comeza a montar e quen colabora na montaxe?

Comezamos a traballar no verán e somos tres persoas. O cura, Jesús Domínguez Guizán, que bota unha man con todo; José Luis Varela, que é o que se encarga da parte eléctrica; mais eu, que monto e fago as figuras.

E para cando cansen, hai relevo xeracional?

É unha incógnita. O lóxico sería que houbera xente nova que fose collendo o relevo, pero aínda non atopamos quen estea polo labor.